

## A ESTILIZACIÓN TEXTUAL DAS IDENTIDADES SOCIAIS EN GALICIA: UNHA PERSPECTIVA DIACRÓNICA

MONTSERRAT RECALDE

Universidade de Santiago de Compostela

A variación lingüística en Galicia foi entextualizada dende hai séculos para construír discursivamente identidades sociais e sinalar categorías de falantes. Diferentes variedades lingüísticas (estándares, dialectais, formas híbridas...) combínanse ou xustapóñense en textos polifónicos ficcionais para recrear metapragmáticamente estilos de grupo e indexicalizar creativamente parámetros relevantes do contexto ou atributos de personaxes caricaturizadas que representan categorías relevantes no seo da comunidade etnolingüística. Dende as aproximacións construtivistas da variación estilística —entendida como activación do significado indexical das formas lingüísticas e a súa asociación con tipos de falantes específicos— considérase a conxunción entre *polifonía*, *heteroglosia* e *hibridación lingüística* como un recurso de *estilización* (*styling*) ou *enregistramento* (*enregisterment*) (vid. Agha 2003; Coupland 2007; Eckert 2008).

O obxectivo deste traballo é comparar as estratexias estilizadoras das prácticas lingüísticas comunitarias no “Romance da urca de Santo Antón” (1777), poema do galego medio recollido no corpus Gondomar, e en dúas viñetas de *Cousas da vida* de Castelao, publicadas na segunda década do século xx, observando a súa evolución. Examinaranse os procedementos semióticos utilizados para indexicalizar a identidade social das personaxes, o grao de estabilidade diacrónica dos campos de indexicalidade das variedades e formas lingüísticas relevantes e o aliñamento ideolóxico dos emisores discursivos con respecto do mundo social representado mediante o contraste de voces.

### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agha, Asif. 2005. Voice, Footing, Enregisterment. *Journal of Linguistic Anthropology*, 15/1, 38-59.
- Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane (eds.). 2017. *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/gondomar/>
- Castelao, Daniel [Rodríguez]. 1989 [1920]. De andar a servire se me esquenció de todo el jallejo. *Cousas da vida*. Mulleres, 43. Vigo: Galaxia.
- Castelao, Daniel [Rodríguez]. 2000 [1917]. E ti, ¿por qué non falas en gallego, ho?, *Os nosos humoristas*. Castelao, 42. Escolma e edición de Clodio González Pérez. Sada: O Castro.
- Coupland, Nikolas. 2009 [2007]. *Style. Language Variation and Identity*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Eckert, Penelope. 2008. Variation and Indexical Field. *Journal of Sociolinguistics* 12/4, 453-476.